

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN RONSEL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MENTORES PARA EMPREENDEDORES RETORNADOS (PROGRAMA MERLO).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Ronsel o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrencia pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes galegas retornadas beneficiarias das axudas de autoemprego desta secretaría o maior apoio posible para consolidar os seus negocios na Comunidade autónoma galega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para desenvolver un programa de mentores para persoas emprendedoras retornadas (programa Merlo).

O programa vai dirixido ás persoas galegas retornadas, aos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga e á súa descendencia. O obxecto xeral deste programa de mentores é apoiar e acompañar a estas persoas no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividade profesional, favorecendo a súa integración social e empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Ronsel é unha fundación de carácter privado sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2000/19. Ten por obxecto nos seus estatutos o desenvolvemento e fomento económico galego, e, moi en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Así mesmo, ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas de orixe migrante,



entre as que están incluídas as persoas emigrantes retornadas, así como no desenvolvemento de programas dirixidos a prestar asesoramento e orientación aos/as emprendedores/as para o establecemento do seu negocio.

A fundación é un referente en Galicia no uso da ferramenta de mentoría e é membro desde o ano 2015 da rede de *Youth Business Spain*, que pertence á rede *Youth Business International* (presente en 54 países), coa que desenvolve esta metodoloxía de mentoría co obxecto de promover e prestar apoio ao emprendemento, principalmente dirixida ao autoemprego e a creación de emprego. A Fundación Ronsel aplica unha metodoloxía de mentoría na que o mentor ou a mentora traballan mediante a transferencia da súa experiencia e coñecementos á persoa aprendiz, contribuíndo así ao seu crecemento profesional e persoal, sen interferir na súa toma de decisións.

En base ao exposto, esta fundación desenvolve programas de mentores/as dirixidos a emprendedores e emprendedoras galegos retornados, nos que se presta un servizo de acompañamento por medio da figura do/a mentor/a que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito e contribuír, deste xeito, a mellorar a competencia e produtividade do seu negocio na Comunidade Autónoma de Galicia. Por este motivo, desde o ano 2021 vense colaborando con esta entidade para desenvolver un programa de mentores/as para emprendedores e emprendedoras retornados.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de cen mil euros (100.000,00€). Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

